A Historia da Literatura Galega 07

Os ilustrados galegos



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

• Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.

• Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria G. Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez, Nieves G. Centeno
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Museo de Pontevedra, Arquivo do Reino de Galicia e Biblioteca Universitaria USC [BUSC]

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1597-2010
ISBN: 978-84-96561-30-4

A Historia da Literatura Galega 07

Os ilustrados galegos

La Voz de Galicia

ÍNDICE



O Padre Feixoo foi considerado no seu tempo como un gran pensador e erudito escritor

En Galicia as ideas da Ilustración, aínda que defendidas por unha minoría de persoas, manifestanse con forza na segunda metade do século XVIII, xerando un destacado esplendor cultural

O PADRE FEIXOO 1
[Benito Jerónimo Feixoo e Montenegro]

[Casdemiro, Ourense, 1676 – Oviedo, 1764]

Nace en 1676 na aldea de Casdemiro, na provincia de Ourense. É o primoxénito dunha familia nobre, pero renuncia aos seus dereitos ao ingresar na orde beneditina. Primeiro estuda no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, e, aos 14 anos, en 1690, faise novicio no mosteiro de Samos [Lugo].

De monxe, reside e traballa no mosteiro de Lérez e no de Poio [Pontevedra]. No entanto, na cidade de Oviedo fixará a súa residencia. Alí imparte docencia na Universidade, como catedrático de Teoloxía. Retirado do ensino en 1739, dedícase exclusivamente a escribir e a achegar os

(III)

NOTICIA

De la Vida *y* Obras *del M. I. y R. P.* D. Fr. Benito Gerónimo Feyjoó, *Monge Benedictino de la Congregacion de* España, *Catedrático de Prima de Teologia Jubilado de la Universidad de* Oviedo, *Maestro General por su Orden, del Consejo de S. M.*

EN un tiempo en que gemia la España baxo de la ignorancia, y las letras habian degenerado en una lastimosa série de preocupaciones, nació *D. Benito Geronimo Feyjoó* á 8 de Octubre de 1676 en *Casdemiro*, pequeña Aldea de la Feligresia de Santa Maria de Melias en el Obispado de Orense, á las riberas del Rio *Miño*, poco mas abaxo de su confluencia y union con el Rio *Sil*.

Sus Padres D. *Antonio* Feyjoó Montenegro, y Doña *Maria* de Puga, correspondiendo á lo ilustre de su nacimiento, educaron este joven en los principios del verdadero temor de Dios, y le inclinaron á las letras, aunque era el primogénito de su casa; creyendo con razon, que el derecho de la succesion no les permitia descuidar en la enseñanza de este tierno hijo.

No es muy comun en el Reyno aplicar al estudio los primogénitos, y por eso tambien son menos los que salen utiles á la Iglesia y al Estado; persuadiendose no pocos que esta qualidad les destina solo á la

a 2 pro-

Cando se retira do ensino, en 1739, Feixoo dedícase a difundir os seus coñecementos científicos e filosóficos

seus vastos coñecementos en debates científicos e filosóficos. Para ampliar a súa formación e poder ler libros noutros idiomas, Feixoo non dubida en aprender francés, inglés e italiano.

Morre en Oviedo en 1764, sendo considerado no seu tempo como un gran pensador e erudito escritor.

1.1. O pensamento de Feixoo

Realiza análises rigorosas e críticas dos máis diversos temas. O seu pensamento filosófico versa sobre os seguintes aspectos:

• Denuncia da ignorancia, a superstición e a falsa piedade relixiosa, xa que considera que no pobo domina a crenza en tradicións, milagres e lendas do imaxinario popular. Avoga por purificar a relixión católica, apartándoa desas crenzas, polo que sofre duros ataques.

• Posta en evidencia do atraso científico da ciencia española con respecto a Europa. Incide especialmente no atraso da Medicina. Sostén a conveniencia do método experimental na investigación científica universitaria.

• Crítica social. Defende os méritos persoais e a propia capacidade para acceder a cargos de calquera índole. Critica os privilexios e ociosidade das clases máis favorecidas no Antigo Réxime.

Benito Jerónimo Feixoo fíxose novicio no mosteiro de Samos



Lendas orais galegas

→ Os mitos e as lendas son unha parte importante da cultura popular galega; en Galicia existen tantas lendas como aldeas ou montes. O seguinte parágrafo do libro *Las Leyendas tradicionais galegas* de Leandro Carré Alvarellos resume a esencia destas historias: «En calquera pobo, cidade, vila, aldea ou casa, acontecen e aconteceron en todo tempo acontecementos e sucesos de índole varia. Algúns deles poden ser extraordinarios por calquera circunstancia especial. Velaí a orixe dunha lenda, xa que os que presenciaron o suceso, o referirán aos seus familiares e amigos, e estes, á súa vez, comunicarano a outras persoas; e así, sucesivamente, pasará o relato de boca en boca e de pais a fillos, ou dunha vila a outra. Porque, como xa dixen, a lenda é unha narración de fondo histórico, real, desvirtuada ou modificada pola tradición oral de xeracións sucesivas».

As lendas recompiladas polos ilustrados galegos foron pasando de pais a fillos a través da cultura oral. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*



A peculiar situación da lingua galega, relegada exclusivamente á fala das clases populares, define a importancia desas primeiras voces que se alzaron –as dos Ilustrados galegos– en contra desta inxusta situación. O tempo histórico que nos ocupa [finais do século XVIII] marca a fronteira entre a transmisión por vía oral e a plasmación dos primeiros escritos en galego da época moderna. Foron os Ilustrados os que, fronte ás críticas do poder establecido, estudaron o galego e reivindicaron o seu valor como lingua de cultura.

O seu labor contribuíu a que ata os nosos días chegasen lendas e contos de todo tipo; relatos baseados en feitos históricos pero que contan con certos elementos fantásticos que creceron á sombra de fazañas heroicas como é o caso da mítica batalla entre Hércules e Xerión que deu lugar á fundación da Coruña ou a chegada de Teucro a Pontevedra. Moi numerosas son as lendas relixiosas, asociadas na maioría dos casos a milagres de santos ou virxes.*


• Preocupación polo desenvolvemento agrario. Teoriza sobre a importancia da formación de campesiños para mellorar as técnicas e conseguir progreso e rendibilidade das producións, como único modo de superar a miseria.



Un dos alicerces do pensamento filosófico de Feixoo é a preocupación polo desenvolvemento agrario para superar a miseria. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

1.2. A súa obra

A obra de Feixoo é ampla e complexa. De saber enciclopédico, escribe sobre innumerables cuestións.



Fai traballos sobre o idioma da súa terra natal, nun momento en que estaba moi desprestixiado como lingua de cultura. Defende o galego e equipárao en importancia co castelán e o portugués. Con todo, aínda que dominaba a lingua galega oral da época da súa infancia e adolescencia, non escribe nada nese idioma.

Parece unha contradición defender o uso do galego e escribir en castelán. Pero debe entenderse no contexto histórico. Galicia tiña un idioma falado polo pobo, pero desprezado polas elites. Había varios séculos que estaba reducido a lingua oral, xa que apenas se empregaba por escrito. Polo tanto, entrañaba gran dificultade es-

THEATRO CRITICO
UNIVERSAL,
ó Discursos varios en todo género de materias,
para desengaño de errores comunes:
ESCRITO
POR EL MUY ILUSTRE SEÑOR
D. FR. BENITO GERONYMO FEYJOÓ Y MONTENEGRO,
Maestro General del Orden de San Benito,
del Consejo de S. M. &c.
TOMO PRIMERO.
NUEVA IMPRESION,
En la qual ván puestas las addiciones del Suplemento en sus lugares.



MADRID. M.DCC.LXIX.
Por D. JOACHIN IBARRA, Impresor de Camara de S. M.
Con las Licencias necesarias.
A costa de la Real Compañia de Impresores, y Libreros.

Teatro Crítico e Universal reivindica as principais glorias de Galicia

cribir en galego longos textos con complicadas argumentacións, empregando un idioma que carecía de normas ortográficas e de gramática, que adoecía dun léxico culto, en definitiva, co que non sabían comunicar por escrito un pensamento complexo. Con todo, Feixoo é un pioneiro en defender o galego. Mesmo, cen anos máis tarde, cando co Rexurdimento se faga xa literatura de calidade en galego- nos ensaios e escritos cultos non literarios seguirase escribindo en castelán. É o caso de Murguía, articulista, ensaísta e historiador en castelán, ao tempo que é un dos galeguistas máis activos de fins do século XIX e principios do XX, e impulsor de que Galicia se dote dun dicionario e dunha gramática galega.

Comprometido coa realidade de Galicia e coa defensa do galego, o Padre Feixoo ten toda a súa obra en castelán, naquel momento idioma de comunicación cun público culto.

De entre os libros do Padre Feixoo, o máis coñecido é *Teatro Crítico Universal*, no que incorpora ás principais «glorias» de Galicia coa finalidade de reivindicar o bo nome desta terra, tan desprezada. Escribe tamén *Cartas eruditas e curiosas* e *Poesías varias*. As súas publicacións tiveron un enorme éxito e difusión en vida en toda España, polo que foron reeditadas varias veces.

Polo contido dos seus escritos, recibe críticas dos sectores máis conservadores, e ata ten problemas coa Inquisición. Entre os seus máis destacados defensores atópase o Padre Martín Sarmiento.

O Padre Feixoo tivo un gran recoñecemento en vida. Os seus libros acadaron enorme difusión, e foron obxecto de varias edicións.



Martín Sarmiento naceu en Villafranca del Bierzo en 1695

O PADRE MARTÍN SARMIENTO [PEDRO JOSÉ GARCÍA BALBOA] 2

[Villafranca del Bierzo, 1695-Madrid, 1772]

Amou e defendeu a Galicia e sempre se considerou galego. Fillo de pais galegos, en 1695 naceu, por azar, en Villafranca del Bierzo, onde o seu pai, de profesión mestre arquitecto, estaba dirixindo unhas obras. Naceu, polo tanto, fóra dos límites administrativos de Galicia, pero dentro da antiga Gallaecia, nunha zona na que aínda hoxe perdura o cultivo da lingua e da tradición galegas. En Villafranca naceran tamén tres irmáns.

Aos catro meses chega a Galicia, pois o seu pai vén a Pontevedra a traballar. E Pontevedra será o lugar de referencia da súa infancia, onde



Inscrición no mosteiro de San Bieito de Lérez en recordo de Sarmiento e Feixoo

estudou [no colexio da Compañía de Xesús, en Lérez e en Poio], e onde nacen un irmán menor, co que manterá sempre unha gran relación, e unha irmá. Sempre recordará a Pontevedra co nome de «boa vila».

Hai unha anécdota que Sarmiento recorda de cando estaba aprendendo a ler: na igrexa do Hospital de San Xoán de Deus, de Pontevedra, unha grande inscrición puña «Fe, Esperanza e Caridade» en latín, é dicir, «Fides, Spes, Caritas» e el interpretábao como «Feas son estas caritas».

Aos 15 anos, en 1710, marcha a Madrid e ingresa no mosteiro de beneditinos de San Martín, onde profesa ao ano seguinte. Entón, cambia o seu verdadeiro nome, Pedro José García Balboa, polo de Martín, talvez por ser o do convento. E escolle Sarmiento, o seu quinto apelido, que, ademais, era común en pai e nai.

Posteriormente vivirá en Salamanca, Oviedo e, sobre todo, en Madrid. Alí, polos seus enormes coñecementos e intelixencia, asesora a membros da corte e aos reis ilustrados borbóns, a Felipe V e a Fernando VI.

Pontevedra será o lugar de referencia da infancia de Sarmiento



Planta medicinal Carqueixa

→ Así refírese o Padre Sarmiento á carqueixa na súa obra «Nomes de plantas e comúns recollidos e explicados na viaxe a Galicia de 1745», que encontramos no *Catálogo de voces e frases da lingua galega*, de José Luís Pensado:

«O que eu cría é erro, pois cría que en Pontevedra era carqueixa o que realmente é o codeso [ou cytiso] e así rectifíquese o que teño dito sobre carqueixa nos Papeis de Madrid. A carqueixa, que ten as flores amarelas, non ten propiamente follas pero tenas comocartilagines do ramo, e son dous ou tres seguidas da figura da folla do Carballo, e así sospeito que a voz carqueixa, cerquito, cerqueiratodo vén de quercus».

As propiedades medicinais da planta da carqueixa foron moi valoradas polo Padre Sarmiento

Máis tarde, fará referencia á planta e ás súas propiedades en múltiples cartas:

«Presto acharaste que che remitirán de Samos o meu papel da carqueixa novo,



que dei ao Reverendísimo Rábago e el posúe o orixinal. Nel verás os seus prodixios e creme que para esa gota inminente é do caso baños da carqueixa. Acá fai prodixios en materia de reumatismos pero non os fará en Galicia pola cerrilidad dos nosos paisanos e pola súa fátua credulidade a médicos idiotas, a xeito de morriña. Non a tomes pola boca, senón en baños de pernas, pois iso non che pode facer dano». Carta 76 1759, setembro, 26.

Martín Sarmiento [1732-1770]: *Epistolario do PÁX. Sarmiento, ed. de Xosé Filgueira Valverde e MTM Xesús Fortes Alén.*✱



Volverá a Galicia tres veces, en tres viaxes. Na primeira delas, en 1725, só visita Pontevedra, camiño de Oviedo. Na súa segunda estancia, en 1745, cando ten 50 anos de idade, percorre o territorio galaico observando e anotando todo canto escoita e ve, co seu nome en galego. Na súa terceira viaxe, en 1754, continúa o seu periplo de norte a sur, durante ano e medio, para proseguir a toma de datos. Realiza detallados estudos sobre instrumentos, peixes, animais, árbores... Nunha destas viaxes, sofre unha caída en Celanova e cúrase utilizando carqueixa, polo que comeza a recoller tamén notas sobre o valor medicinal das plantas.

Morre en Madrid, en 1772, admirado e respectado polos seus coetáneos e sempre soñando con Galicia.


O Padre Sarmiento fai tres viaxes por Galicia, en 1725, 1745 e 1754, nas que realiza traballo de campo, anotando todo o que ve ou escoita.

2.1. A súa obra

Sarmiento é un polígrafo, que sabe e escribe sobre os máis variados temas. É un sabio ilustrado, prototipo dos homes da Ilustración do século en que vive, o XVIII. Pódese dicir que é unha especie de enciclopedia, que sabe de todo. Está informadísimo respecto do que está a acontecer non só en España, senón no resto do mundo. É pensador, crítico, científico, botánico, filólogo. Estudou Filosofía e Arte. É un apaixonado da Arquitectura e das Matemáticas. É un sabio intelectual que ten coñecementos de Comercio, de Belas Artes. Un home de ciencia e de consulta, consciente do atraso científico español con respecto a Europa.

Critica a superstición e a ignorancia, e compatibiliza unha profunda e tradicional fe coa defensa da razón. Non é o monxe das mil caras, é o monxe dos mil pensamentos.

Manifesto sobre san Bieito escrito por Martín Sarmiento



BIBLIOTECA DE EL PORVENIR.

MANIFIESTO

DEL HECHO DE RENTAS DE LOS MONASTERIOS, DE LA RELIGION DE

SAN BENITO;

Y EN QUE SE EMPLEAN.

Sacado y presentado al Consejo

POR EL RVMO. P. MTRO.

FR. MARTIN SARMIENTO

BENEDICTINO.

Cronista General de su Religion: y de Indias por el Rey N. S.:

en carta á un amigo que le consulta.


Madrid. Año de 1743.

SANTIAGO.—1879.

Establecimiento tipográfico de José M. Paredes,

Virgen de la Cerca, 12.

Aínda que o Padre Sarmiento vive gran parte da súa vida en Madrid, será un dos máis destacados defensores de Galicia e da súa lingua




Escribe continuamente. As súas opinións e conclusións redáctaas de forma pedagóxica e divulgativa. Deixou 40.000 páxinas manuscritas, pero en vida non publica máis nada que unha obra, en defensa do Padre Feixoo. Coñeceuno na súa estancia en Oviedo entre 1723 e 1725, onde Feixoo era mestre de estudantes, catedrático de Universidade. A relación entre ambos [Feixoo era 19 anos maior ca el] prolóngase toda a vida, coas características propias das dun mestre e o seu discípulo. Esta obra sobre Feijoo foi moi difundida e tivo catro edicións en vida de Sarmiento.

Ao pouco tempo da morte de Sarmiento, publícanse algunhas das súas obras breves, mentres que outros dos seus escritos serán editados no século XIX. Recentemente, o Consello da Cultura Galega emprendeu un gran proxecto para recompilar e transcribir toda a súa obra, e publicala en catro volumes de máis de 1.500 páxinas cada un. O traballo é moito, porque os manuscritos están dispersos, moitos orixinais perdéronse, e das copias que se conservan hai que comprobar a súa fiabilidade.

2.2. Defensa da cultura galega

Sarmiento é un precursor dos xeógrafos de principios do século XX, xa que defende o coñecemento da contorna en que se vive. Dicía: «Eu, que son de Galicia polos catro costados, sabía máis de China que do meu país orixinario». Por iso, pensa que hai que percorrer Galicia e facer un gran estudo xeográfico, pero non só de aspectos físicos, senón tamén económicos, políticos, históricos, folclóricos...

Ten unha curiosidade insaciable pola historia natural, polo mundo animal, vexetal e mineral. Estuda a flora e a fauna de Galicia con crite-



INDICE GENERAL
ALFABETICO,
DE LAS COSAS NOTABLES,
QUE CONTIENEN TODAS LAS OBRAS
DEL MUY ILUSTRE SEÑOR
D. FR. BENITO GERONIMO FEIJOO,
inclusas las Dedicatorias, Aprobaciones, y Prólogos, y tambien los dos tomos de la Demonstracion Critico-Apologética, que en defensa del Theatro Critico escribió el Rmo. P. M.
D. FR. MARTIN SARMIENTO.
DISPUESTO
POR DON JOSEPH SANTOS,
Vecino de esta Corte.

Con Licencia.

En Pamplona: En la Imprenta de Benito Cosculluela, Impresor, y Mercader de Libros. Año 1787.

Sarmiento admiraba profundamente ao Padre Feixoo e así o amosou nalgunhas das súas obras

rios modernos, de análises e clasificación. Propón o uso do microscopio e da disección. Opina que estes coñecementos deberían ocupar un lugar de honra no ensino escolar. A Botánica entusiásmalle. Con frecuencia envía a Galicia, ao seu irmán Javier, multitude de sementes para que as plantasen aquí e experimentasen a súa adaptación ao noso clima. Está pondo en práctica o método empírico do século XVIII.

En Madrid, o Padre Sarmiento acórdase a miúdo da variedade de peixes das augas galegas e do seu exquisito sabor. Na abadía en que vivía, a dieta alimenticia consistía en moitos legumes e cereais, pouca carne e escasísimo peixe. Sarmiento, sempre traballando na súa cela, entre libros, sentado, sen apenas actividade física, engordaba. El mesmo escribía «Estou tan gordo que temo rebentar». Por iso estrañaba os peixes e mariscos galegos. Evocaba o sabor das ostras en escabeche recentemente feitas, pois dicía que as que algunha vez degustaba el en Castela estaban

xa avinagradas. En efecto, as ostras en escabeche eran moi apreciadas polas clases podentes do interior de España, os monarcas Borbóns e a Corte. Por esa razón chamábanlle escabeche real, consistente en fritilas con aceite, allo, loureiro, viño e vinagre e envasalas en barricas de madeira de cerdeira, o cal garantía uns meses de conservación.


Na súa cela, en Madrid, Sarmiento traballaba incansablemente, rodeado de moitos dos 10.000 libros da Biblioteca do convento. Na estancia había tamén variados instrumentos musicais, dous escritorios e unha mesa de traballo con 12 cadeiras para reunións.

2.3. Defensa do idioma galego

Por decisión da Real Academia Galega, dedicóuselle a Martín Sarmiento o Día das Letras Galegas do ano 2002. Rendíase así homenaxe a un defensor da igualdade entre os sexos, a un firme opositor á pena de morte, pero, sobre todo, a un lingüista que defendeu unha lingua mal considerada socialmente no tempo en que viviu.


Sarmiento aprendera a falar en galego na súa infancia en Pontevedra e, moitos anos despois, sorpréndese cando, ao investigar en Toledo, atopa manuscritos antigos en galego, as *Cantigas de Santa María*, escritas por Afonso X, o Sabio. Aínda que escribe unha gran parte da súa obra en castelán, sempre fará unha rotunda e argumentada defensa do galego, animando a estudalo.

Sarmiento era plenamente consciente de que o galego era o idioma do pobo. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*



A obra lingüística cume de Sarmiento é o conxunto de onomásticos, palabras acompañadas do seu significado, grazas ás cales hoxe podemos saber que termos se empregaban en Galicia no século XVIII [recollidos nas súas viaxes]. Ademais de ser o primeiro autor en preocuparse polo estudo do galego oral, fai unha análise científica etimolóxica, e acomete os primeiros estudos de filoloxía comparada entre o latín, o castelán, o francés, o italiano, o galego e o portugués.

Consciente de que o galego é o idioma do pobo, Sarmiento considera que o clero debe achegarse a el, e falarlle no seu mesmo idioma, por exemplo, na confesión e na predicación. E igualmente debe facer o persoal da xustiza e administración.



Unha das preocupacións de Sarmiento é a necesidade de que aos nenos se lles ensine na súa lingua materna, o galego. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

Unha das propostas nas que Sarmiento incide con maior vehemencia é na necesidade de que aos nenos se lles ensine en galego, a súa lingua materna. Argumenta que só así se logra unha plena comprensión e comunicación e, como consecuencia, os escolares aprenden mellor: «Se non se lles ensina aos nenos desde esa lingua que maman, as cousas non poden mellorar». Tamén se sitúa Sarmiento contra os mestres foráneos que descoñecen o idioma que falan os seus alumnos, o galego, e impóñenlles o castelán. Pensa que se lle debería esixir o dominio do galego a todo forasteiro que viñese exercer a súa profesión a Galicia.

«Y es bárbara crueldad y necesidad excusada que unos forasteros enseñen a los niños gallegos mediante la lengua castellana que no saben (...), y castigándolos si se les escapa alguna voz o frase gallega de las que han mandado. Todo maestro de Gramática que no fuera gallego y erudito en su lengua patria, se debe excluir de ser maestro de niños gallegos, sea un Cicerón o un Quintiliano».

Sarmiento defende a necesidade de que, nas escolas, aos nenos se lles imparta o ensino en galego, posto que é o seu idioma familiar e oral, e mellor vehículo de comunicación.

A Sarmiento, polo tanto, pódeselle considerar un precursor das teorías de renovación pedagóxica e un adiantado á súa época, pois, ademais de avogar polo ensino en galego, lingua do pobo, considera que a aprendizaxe dos nenos debe comezar co coñecemento das cousas máis próximas, como os animais e a natureza en xeral do seu contorno. Anos despois, a fins do XIX, estas mesmas propostas serán abandeiradas pola

Institución Libre de Enseñanza, e, na actualidade, pola nova pedagoxía.



A idea de Sarmiento de ensinar en galego aos nenos, foi abandeirada despois pola Institución Libre de Enseñanza. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

«Quiero que se le enseñe la lengua gallega con especial cuidado, además de lo que deba charlotear con los otros niños. No pienses en que castellanice hasta que sepa bien y con extensión el gallego. No enseñes voz alguna gallega cuyo significado no toque con algún sentido exterior, palpándolo, viéndolo, remirándolo, gustándolo y oliéndolo.

Ni por pienso le has de embocar nombre de cosa intelectual y que no se ve (...). Lo principal es que se le impriman las voces de las cosas sencillas y visibles (...). Es una desalmada necedad poner a los niños gallegos la jerga de la gramática antes de saber con mucha extensión la lengua gallega y todas las voces de la Historia natural, a lo menos de las visibles de su país (...).

Tengo evidencia de que un niño gallego si sabe ya bien su lengua entrará como por su casa a entender Latín, y después a entender el castellano mejor que los castellanos mismos. Testo sin estudiar nada de memoria, que es el coco, y el que promueve la ignorancia y la aversión a las letras en España».

MARTÍN SARMIENTO.
Carta a su hermano sobre la educación de Alfonsiño [Madrid, 1758]


2.4. As 1.201 coplas galegas

Este conxunto de coplas, escritas en galego, é o resultado do seu labor de recompilación de palabras, ditos, lendas, tradicións e formas de ser do pobo galego. A información recolleuna Sarmiento directamente, no transcurso da súa viaxe por Galicia en 1745. É un estudo feito co rigor da investigación científica, partindo dun traballo de campo. Pero, no canto de ordenar os datos e estruturalos en forma de vocabulario, Sarmiento, co material, fai coplas sinxelas e didácticas, comentadas parcialmente. E logo engádelles un glosario, co significado das pala-

bras ou expresións que considera que son máis difíciles de entender, e con vistas a un posible dicionario. Pretendía facer unha publicación baixo o pseudónimo do Poeta Marcos da Portela e chamada *Diálogo de 24 rústicos*, aínda que o título completo é *Colección de muchas palabras, voces y frases gallegas que el año 1745 oí, leí y observé en Galicia, estando a divertirme en la villa de Pontevedra en donde me he criado y habiendo andado por varias partes del Reyno.*

> *Coloquio de 24 gallegos rústicos* consiste en 1.201 coplas en galego, compostas por Sarmiento, inspiradas na realidade galega.

Moitas destas coplas son cuartetas de versos de seis sílabas, con rima asonante. Nelas, con graza e ritmo popular, describe lugares, costumes e tradicións, mesturadas con referencias históricas ou notas da vida local. Segundo Henrique Monteagudo, estas coplas constitúen o primeiro ensaio sobre o galego nun tempo en que non se consideraba merecedor de ser unha lingua para escribir.




Portada do facsímile do *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* editado polo Consello da Cultura Galega

A orde dos Beneditos

→ A Orde de San Bieito (en latín: Ordo Sancti Benedicti, O.S.B.) é a orde relixiosa fundada por Benito de Nursia, que segue a Regra ditada por este a principios do século VI para a abadía de Montecassino. Benito de Nursia contribuíu decisivamente á evanxelización cristiá de Europa, polo que é patrón do continente.

Seguindo o seu exemplo e inspiración, diversos fundadores de ordes relixiosas basearon a normativa dos seus mosteiros na Regra deixada por Benito, cuxo principio fundamental é Ora et labora, e que contén os tres votos beneditinos: estabilidade ou voto de permanencia no seo da comunidade, obediencia ao abade elixido por ela como mostra de humildade, e reforma dos costumes abrazando a pobreza e a castidade e renunciando ao mundo. A longa historia da orde fixo que pasase por varias reformas; as máis importantes, a de Cluny e a de Císter.

A orde de San Bieito foi fundada por Benito de Nursia en torno ao século VI



En Galicia, baixo a tradición visigoda, parece que a influencia de Cluny foi bastante débil, non constando documentación da regra adoptada na fundación dos mosteiros na Alta Idade Media. É a San Martín Dumiense, instalado en Galicia despois de pasar polas Galias e Roma, a quen se lle atribúe tamén a propagación do movemento monástico. A mediados do século VII continúa o seu labor san Fructuoso; Galicia pobóase de novos mosteiros que van potenciar a agricultura, a gandaría e os oficios en xeral, contribuíndo á repoboación do país ao instalarse en zonas antes despoboadas e illadas.*

Como exemplo destas Coplas, reproducimos un fragmento no que fala sobre os nenos do campo que van mirar os ovos nos niños dos paxaros. Está recollendo unha tradición, unha crenza popular, consistente en que cando os rapaces miran os niños teñen que estar en silencio e sen despegar os beizos, para que o cuco non coma os ovos. Só salvarán aos ovos da voracidade do cuco se se refiren a eles como pedras de cuarzo, é dicir, «seixos».



se se lles chama ovos,
ven o cuco e cómeos
se se lles chama seixos,
vén o cuco e déixaos

Outro fragmento das coplas, que seleccionamos, describe, de xeito detallado e pintoresca, a vila de Pontevedra, empregando expresións populares da fala oral.

Na vila é costume
dempois que a coñezo
que os sábados todos
do ano e arreo,

se faga un mercado
mercando e vendendo
mil cousas do uso
con muito comerzo

de olas, de potes,
de asados, pucheiros,
de pratos, cazolas,
picheles e petos.

Sarmiento foi dos primeiros en dar valor á literatura popular oral, así como en referirse á existencia dunha lírica medieval, que sairía á luz e sería admirada no século XIX.

Unha adega de viño, con denominación
de orixe das Rías Baixas, patentou
a marca de Martín Códax, un dos
nosos trobadores medievais.
A mesma empresa realiza agora
viño coas cepas do Bierzo,
e a marca non podía ser outra
que Martín Sarmiento.



Gravado de José Cornide e Saavedra, por Cuevas


JOSÉ CORNIDE E SAAVEDRA 3

[A Coruña, 1734 – Madrid, 1803]

Naceu na Coruña, onde pasou a maior parte da súa vida. De familia fidalga, é un erudito de ampla formación autodidacta. Interésase pola economía, a historia, a ciencia, a xeografía, o dereito, a literatura, a xeografía, etc. En 1789, abandona a súa enorme actividade pública e retírase en Madrid para dedicarse a escribir ata a súa morte, sempre vinculado á Real Academia de Historia.

Fai unha gran defensa de Galicia. Sabe compaxinar a crítica dos problemas co seu traballo ao servizo da administración e ao sistema establecido. Ocupa importantes postos de responsabilidade, por exemplo, deputado nas Xuntas do Reino de

Galicia e capitán da Compañía de Milicias da Coruña. Fundador e secretario do Real Consulado da Coruña, impulsa a rehabilitación do faro romano chamado a torre de Hércules, baixo a dirección do enxeñeiro Giannini. Tamén é vogal e tesoureiro do Hospicio, codirector do Montepío de Pescadores e vogal da Xunta Nacional de Camiños. Pertence á Academia da Historia, á Academia de Agricultura de Galicia e ás Sociedades Económicas de Amigos do País da mesma cidade e da de Lugo. Pola súa afección ás obras dramáticas, mandou construír un pequeno teatro en Sada, onde se escenificaban pezas breves en galego, algunha da súa autoría.


ENSAYO
DE UNA HISTORIA
DE LOS PECES
Y OTRAS PRODUCCIONES MARINAS
DE LA COSTA DE GALICIA,
ARREGLADO AL SISTEMA
DEL CABALLERO
CÁRLOS LINNEO.
CON UN TRATADO
De las diversas Pescas, y de las Redes
y Aparejos con que se practican.
POR DON JOSEPH CORNIDE,
Académico honorário de la de Historia,
vecino de la Coruña.
AÑO DE MDCCLXXXVIII.
EN LA OFICINA DE BENITO CANO.

Portada da obra de Cornide *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia...*

3.1. A súa obra

Moitas das súas obras versan sobre o estudo de mares e peixes de Galicia e sobre a problemática pesqueira, propoñendo ideas para o progreso. Preocúpase das deficiencias das vías de comunicación e do estado dos recursos naturais. Escribe sobre as dificultades e problemas da educación, esencial para mellorar a situación das clases populares e poder saír da miseria. De entre estes libros, escritos



Escudo na Casa Cornide

en castelán como era habitual nos autores da súa época, destacamos: *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal [1764], Memoria sobre la pesca de la sardina en la costa de Galicia [1774], Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia...[1778], Memoria sobre el estado de la pesca en la costa de Galicia, causas que detienen sus progresos y medios de removerlos para su fomento [1789], Ensayo sobre el origen, progreso y estado de la Historia natural entre los antiguos anteriores a Plinio [1791]*, etc. Ademais, consérvanse moitísimos manuscritos inéditos que haberá que ordenar e publicar.

3.2. Estudos sobre o galego e creación literaria

A Cornide interesoulle o idioma galego, como demostran os seus traballos lexicolóxicos, consistentes nun amplo glosario galego-castelán, que inclúe recollida de coplas de tradición oral e fragmentos da lírica medieval.

Casa-Pazo Cornide

➜ En plena cidade vella da Coruña, na rúa das Damas, levántase a Casa-Pazo Cornide, un inmoble de estilo francés construído entre 1750 e 1760 e lugar de nacemento do polígrafo coruñés don José Cornide Saavedra e Folgueira, se ben non é seguro que nacese no actual edificio. José Cornide, ademais de destacado intelectual, humanista, xeógrafo, escritor e benfeitor, foi coruñés de pro, como relata Carlos Martínez-Barbeito.


A Casa-Pazo Cornide comezou a construírse en 1748. O edificio puido ser proxectado polo enxeñeiro Francisco Llobet, o que explicaría o seu peculiar estilo, moi diferente ao da arquitectura civil coruñesa da época e que o fai excepcional «exemplo de palacete urbano de aire máis cortesán que local», en palabras de Alfredo Vigo no seu libro *A Coruña e o século das luces: a construción dunha Cidade de Comercio* [1700-1808]. Na súa fachada simétrica

destaca a cornixa superior, que rompe para a colocación do escudo de armas da familia, e as liñas curvas das súas esquinas.

Nun lateral da Casa-Pazo, o pobo coruñés manifestou a súa admiración e agradecemento ao intelectual coa seguinte inscrición gravada en pedra: *«No ano 1734 naceu nesta casa D. José Cornide Folgueira e Saavedra, xeógrafo, historiógrafo e naturalista de Galicia. Morreu en Madrid en 1803. ¡Loor eterno ao sabio patriota galego! O pobo da Coruña dedica esta inscrición á súa memoria. 21 de agosto de 1892.»* ✱



Inscrición na Casa-Pazo Cornide, na coruñesa rúa das Damas



A obra *A Filida*, de Cornide, é un soneto de corte romántico e con notas costumbristas galegas. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

En canto á creación poética, ten tres composicións en galego. Unha refírese a unha representación dunha comedia en Sada, por medio de dezasete décimas. A segunda é unha décima satírica respondendo a un ataque que un señor lle fixo. A terceira é un poema en galego, que a crítica considera hoxe como unha obra das de maior valor literario de toda a época. Co título de *A Filida*, é un soneto de corte prerromántico. Anxo Tarrío afirma que é unha xoia da literatura galega, e exemplo do que puido ser a literatura prerromántica en Galicia, de seguir un proceso normal:

¿Viche, Filida amada, ó paxariño
que, arando desos aires nas campiñas,
descoidado se achanta polas liñas
que cauto cazador pon no camiño?

¿Viche qué forza fai para soltarse
e levar a bicada ós seus paxaros
[parte do corazón e fillos caros]
que deixara no niño ó remontarse?

Pois viche a quen che adora pola vida,
que, chantado no ichó dun imposibre,
cata aquí, cata alí si acha saída

para fuxir, pudendo verse libre
e acurruxarse firma no teu seo
en que chocara atento o seu deseo.

CORNIDE SAAVEDRA,
A Filida

O soneto en galego A Filida, escrito polo ilustrado Cornide, é considerado pola crítica como o de máis alta calidade literaria do período dos Séculos Escuros.



A obra do cura de Fruíme valórase hoxe pola súa defensa do galego

Outros ilustrados 4

Outros moitos ilustrados produciu Galicia, que nos deixaron importantes obras escritas, case sempre en castelán. A defensa de Galicia estivo sempre nas súas argumentacións. O seu labor contribuíu a que, anos despois, a cultura e a literatura galega alcanzasen un espazo de calidade e recoñecemento dentro da literatura europea.

4.1. O cura de Fruíme

Diego Antonio Cernadas e Castro
[Santiago, 1698 – Fruíme, A Coruña, 1777]

Naceu no seo dunha familia acomodada. Fíxose clérigo en 1729 e foi o párroco de Fruíme,



Diego Antonio Cernadas e Castro exerceu como profesor e párroco. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

en Lousame [A Coruña]. Na súa parroquia fai un gran labor educativo e cultural, pois dá clases de primaria e de agricultura aos seus habitantes.

Escribe poesía e prosa, en castelán e en galego. E cada ano publica máis de 150 artigos. Por ser home claro, que expón o seu pensamento con valentía, fundamentalmente en defensa de Galicia, os seus escritos suscitaron polémicas. Cultiva a poesía en galego, na que denota o seu orgullo por ser galego e escribir no seu idioma natal. Presenta un estilo vivo e de gran soltura.

Ata os nosos días chegaron composicións un tanto ripiosas e plenas de ironía. Presenta variedade en temas e formas, aínda que moitas das súas poesías son de circunstancias, é dicir, da actualidade da súa época. Unhas son satíricas, ridiculizando a personaxes do seu tempo, e outras son laudatorias, en defensa do galego:

Co desexo de acordarvos
que en Galicia o seu funduxe
ten a vosa nobre furuxe,
vou en galego a falarvos.
Desto non hai que estrañarvos,
antes ben facendo gala
desta nación, estimala,
e, si porque moito dista,
non a conocés de vista,
conocédea pola fala.
[...]

Igualmente escribe pezas dramáticas. Nunha delas, titulada *Loa para la fiesta de los Dolores Gloriosos de María Santísima en Fruíme,* introduce personaxes galaicos que fan os seus diálogos en galego.

Actualmente, máis que polo seu valor literario, a súa obra recoñécese pola súa defensa do idioma e da terra galega, como precursor do galeguismo.

4.2. O Padre Sobreira
[Juan Sobreira Salgado]
[Evade, Ourense, 1746 – Madrid, 1805]

Ingresa na orde de San Bieito e vive en diferentes conventos. Coas súas continuas lecturas e estudos, alcanza un saber amplísimo nos máis diversos temas.

É un dos principais estudosos do galego no século XVIII. Durante oito anos traballou recompilando información, reunindo palabras coas que formar un vocabulario galego. A súa orde decidira que elaborase un dicionario galego, pero o traballo era inxente e só puido completar as papeletas correspondentes ás voces das letras a e b.



O Padre Sobreira estivo no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil

Fixo traballos sobre léxico recollendo nomes de peixes e plantas de Galicia, así como un bo número de refráns e cantigas populares, contribuíndo á revalorización da literatura popular de tradición oral, ignorada naquel momento polos cultos. E traballou nun nomenclátor ou dicionario das cidades, vilas e lugares galegos. A maioría das súas obras quedaron inacabadas, e algunhas publicáronse de forma fragmentaria.

Reproducimos dúas cantigas populares, independentes, recollidas polo Padre Sobreira no século XVIII:

Veño de Vigo e vou para Cangas
tódalas mozas me miran as mangas.

Hora vel vai a raposa polo millo:
ela non o come; pero vaino sacudindo.


O Padre Sobreira recompilou palabras e vocábulos galegos coa finalidade, inconclusa, de elaborar un dicionario galego.

Batalla de Rande

➔ O 23 de outubro de 1702 prodúcese o episodio máis importante da historia de Vigo e un dos sucesos clave da Guerra de Sucesión española [1701-1713]. En setembro, vinte e tres galeóns españois regresan da India co maior cargamento ata a data de ouro e prata procedente de América. A frota estaba baixo o mando do Almirante Real do Océano Manuel de Velasco e Tejada. Acompañábaa e protexíaa 23 navíos franceses, ás ordes do almirante conde de Châteaurenaud.

Os ingleses e os seus aliados holandeses, sabedores do dano que podía carrexar a perda dunha frota enteira cargada de ouro e prata, deciden enviar senllas frotas dispostas a apresar a frota de India e dar conta do seu valioso cargamento. Ao decatarse de que estaban a ser perseguidos, a frota de India intérnase na ría de Vigo.

Os anglo-holandeses, baixo o mando do almirante George Rooke, planearon un ataque anfibio e en menos de 10 horas a batalla se




A mala disposición das defensas e a superioridade anglo-holandesa fixeron que en menos de 10 horas as tropas españolas fosen derrotadas. Arquivo do Reino de Galicia

decidiu en favor dos atacantes. De Velasco ordenou *voz en grito*, o afundimento dos barcos, que segundo algunhas versións, terían conservado parte da súa carga.

Don José Chacón, irmán dun dos tres capitáns da frota española, foi testemuña de excepción do combate, que describe así: «*O domingo 22*

de outubro pola mañá arrivó sobre Vigo toda a Armada de Inglaterra, que se compoñía de máis de 150 navíos, os 70 de liña e os restantes de todo xénero de embarcacións, incluiendo algunhas carcassas de botar bombas, o mesmo día pola tarde chegaron a dar fondo na ría que chaman de Teis, mui preto dos nosos navíos e logo saín do meu Almiranta con toda a xente da súa dotación



Gravado da batalla de Rande que tivo lugar na ría de Vigo o 23 de outubro de 1702. *Arquivo do Reino de Galicia*

ao forte do Norte onde estava sinalado don Manuel Velasco con todas as Compañías de Infantaría dos Vageles franceses. Aquela noite [o inimigo] intentou vir por tres veces á cadea de onde foi rexeitado, pola mañá recoñecéndose que o seu desembarco era por Teis, mandou o Sr. Conde de Chatternaut que todas as demais compañías passaran ao forte de Rande incluiendoas do meu irmán Don Fernando Chacón e haviendo gañado o forte quedou este prisioneiro e ferido na caveza e vendo o Sr. Conde de Chatternaut que gañado o forte de Rande era dono dos navíos [o inimigo] deu horden para que todos se queimasen, agás algúns que lles faltaron as minas non se prenderon no incendio, casso benfatal... con tanto tesón dunha e outra parte, que, mesturados os paus, case era inútil o canón. Pelexábase con lumes de inhumano artificio, potas, camisas e bólas de betume ardente. Desexaban os franceses vir ao bordo, porque estaban máis ben gornecidos de xente de guerra; pero os ingleses toda a lide acometeron ao lume, e sendo en número superiores, non podían defenderse dez naves de tanta multitude de paus inimigos, que suplían sempre os maltratados.»

4.3. María Francisca de Isla e Losada [Santiago de Compostela, 1734-1808]

Encargouse de recompilar e editar a obra do ilustrado Padre Isla [José Isla da Torre], do que era irmá de pai. Tamén escribiu, en castelán, unha biografía sobre el.

Como poetisa, escribiu en castelán e en galego, pero apenas se conserva a súa obra, posto que mandou que se queimasen todos os seus escritos



Lucas Labrada Romeu era fillo dun profesor de gramática. Gravado da *Ilustración galega e asturiana*

logo da súa morte. Da súa autoría consérvase un romance en galego, de case 100 versos, que dirixiu a Diego Antonio Cernadas, coñecido como o cura de Fruíme, ao que lle unían fortes lazos de amizade. O romance é unha especie de epístola en verso, que rezuma ironía e intelixencia.

Polo seu talento, chamóuselle Musa Compostelá e Perla Galega. Francisca de Isla foi admirada nun momento en que a consideración social e cultural da muller era baixa. Por vez primeira, a voz dos ilustrados empezaba a expor o recoñecemento do valor e papel da muller na sociedade.

> M.ª Francisca de Isla, chamada Musa Compostelá e Perla Galega, obtivo o recoñecemento dos seus coetáneos.

4.4. Lucas Labrada Romeu [Ferrol, 1762-1842]

É o ilustrado galego de procedencia máis modesta, fillo dun profesor de gramática. Traballou case sempre para o Consulado da Coruña, no que chegou a desempeñar os cargos de secretario e

contador. Deixounos a estimable obra *Descripción económica del Reino de Galicia*, escrita en 1803 e publicada en Ferrol ao ano seguinte, na que analiza e describe toda a actividade económica galega daquel momento, e fai formulacións encamiñadas ao progreso. Propón a repartición de montes, a potenciación da súa agricultura e industria, e unha reforma administrativa de Galicia que racionalice e faga máis efectivo o seu funcionamento.

4.5. Irmáns do Padre Feixoo

E para rematar, citamos a dous irmáns do erudito Padre Feixoo. Un deles, **Anselmo Feixoo,**



María Francisca de Isla naceu en Santiago e era coñecida como a Musa Compostelá. Na fotografía vista da Praza do Obradoiro no século XIX

realizou unha composición en quintillas lamentando a derrota ante os ingleses en Rande, na ría de Vigo, en 1702. Do outro irmán, **Plácido Feixoo**, reproducimos un fragmento dun poema en galego. Trata sobre a dificultade coa que se atopa para escribir en galego, o idioma oral da súa infancia, nunca estudado.

Escoiten que falo eu
na miña lengua galega,
que anque teño a musa lega
e para copras non naceu,
unha nai que me pareu
i autra vella, miña tía,
deron conmigo a porfía
sobre o galego falar
e nil me mandan glosar
el acaso de este día.
Pero eu ben podo dezir
Que, anque en ela me criei,
Einda falar non sei
Nin einda a sei escribir...

Plácido Feixoo

A torre de Hércules da Coruña e o arsenal de Ferrol



Non hai constancia de mencións sobre a torre anteriores ao século IV

→A torre de Hércules da Coruña, así como o Arsenal e os castelos de Ferrol, forman parte da nosa identidade cultural.

A torre de Hércules é un prodixio arquitectónico. O vello faro romano do século II, que estaba ruinoso, foi rehabilitado no século XVIII co impulso e as luces da Ilustración. A restauración promoveuna unha institución creada nese século, o Real Consulado da Coruña. O ilustrado galego José Cornide aportou a esta empresa todo o seu entusiasmo. Baixo a dirección do enxeñeiro Giannini, entre 1788 e 1790 consolidouse a parte interior dos muros de factura romana, conservando unha importante parte da construcción orixinal, e reconstruíuse o exterior con criterios modernos, á vez que se suprimían as súas ramplas externas en espiral para levantar unha escaleira interior. A torre brillou de novo sobre os mares galaicos. En 2009 foi considerada pola Unesco

patrimonio da humanidade, e hoxe considérase «a luz da humanidade».

O arsenal e os castelos da bocana da ría de Ferrol son froito da política dos monarcas ilustrados Fernando VI e Carlos III. Os mellores enxeñeiros do momento participaron nos planos e execución da obra, levada a cabo no século XVIII. Francisco Montaigú, Cosme Álvarez, La Croi, Miguel Marín... e, sobre todo, Jorge Juan e Julián Sánchez Bort achegaron os seus amplos coñecementos.



O arsenal de Ferrol aspira a ser patrimonio da humanidade





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

